


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

17-18 de abril do 2021

III DOMINGO DO TEMPO DE PASCUA



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO EN FAMILIA

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *A Cristo cantamos*

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos para facer comunidade no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Estando os Apóstolos pechados e con medo, aparéceselles Xesús e ábrelles o entendemento para que comprenderan todo o sucedido. Dálles a luz para que tamén eles puideran ser fachos de luz para todos.

Xesús cumpre así a promesa que fixera dicindo que os seus seguidores non andarían nas tebras nin na tristura, senón que terían LUZ da vida.

Podemos sentirnos moitas veces na escuridade como os Apóstolos, pero se Xesús está preto inúndanos a súa luz. **(pode acenderse a veliña da Pascua)**

Comezamos a celebración coa ledicia de sabérmonos iluminados por Xesús e querendo ser fachos desa luz nestes tempos difíciles de pandemia.

Hoxe o signo é PASCUA NA LUZ, no exemplo.

🎵 *nº 82 A Cristo cantamos na luz*

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *A nosa vida está chea de escuridades que non nos deixan camiñar alegres e pesan no noso corazón. Para poder ser fachos da luz de Xesús temos que pedir perdón e comprometermos:*

Monitor/a

➤ Polas veces que estamos angustiados e non somos luz
PERDÓANOS, SEÑOR, E DÁNOS A TÚA LUZ

➤ Polas veces que soamente miramos por nós mesmos e esquecemos aos demais.
PERDÓANOS, SEÑOR, E DÁNOS A TÚA LUZ

➤ Polas veces que non fomos capaces de dar amor e cariño a quen o precisa preto de nós
PERDÓANOS, SEÑOR, E DÁNOS A TÚA LUZ

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, dos que se atopan sos e necesitados de amor, a todos nos conceda a súa luz e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: Esta oración xunta as nosas intencións para pedirlle ao Pai que alumee as nosas vidas coa luz da Pascua.

(silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, sentímonos renovados e rexuvenecidos pola túa LUZ PASCUAL. Que coma os Apóstolos poidamos agardar con esperanza firme o día glorioso do Señor. Pedímoscho, por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Monitor/a:

San Pedro diríxese ao pobo aproveitando do milagre do tolleito para falar de Xesús de Nazaret Resucitado e Luz do mundo.

Xesús faise presente aos Apóstolos cando estaban cheos de medo e móstralles a súa presenza de Resucitado para que poidan eles tamén ser testemuñas da súa LUZ.

LECTURA DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Daquela díxolle Pedro ao pobo:

O Deus de Abraham, de Isaac e de Xacob, o Deus de nosos pais, glorificou ao seu servo Xesús, a quen vós entregastes e negastes diante de Pilato, cando este estaba decidido a deixalo en liberdade. Pero vós rexeitastes o Santo e o Xusto; pedistes que indultasen a un asasino,

mentres que matastes ao dono da vida, a quen Deus resucitou de entre os mortos; disto nós somos testemuñas.

Xa sei, irmáns, que obrastes por ignorancia, como tamén as vosas autoridades; pero Deus cumpriu así o que anunciara por boca dos profetas: que o seu Cristo padecería. Arrepentídevos, logo, e convertédevos, para que se borren os vosos pecados.

Palabra do Señor

🎵 n° 58 *Acharte presente na vida* SALMO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Os discípulos de Xesús contaron o que lles pasara polo camiño de Emaús, e como o recoñeceran no partir o pan.

Estando eles comentando estas cousas, presentóuselles Xesús no medio e díxolles:

- ¡A paz sexa convosco!

Sobresaltados e cheos de medo, coidaban contemplar un espírito. Pero el díxolles:

- Por que estades asustados, e a que veñen esas dúbidas? Mirade para as miñas mans e para os meus pés: sonvos eu. Palpade aquí e decatádevos de que un espírito non ten carne nin ósos, como vedes que teño eu.

E dicindo isto, mostroulles as mans e mailos pés. Pero eles, tolos de contento e sen saíren do seu asombro, non acababan de crer.

Xesús preguntoulles:

- Tedes por aí algo que comer?

Déronlle un anaco de peixe asado. El colleuno e comeuno diante deles. Logo díxolles:

- A isto referíame eu cando, estando aínda convosco, vos dicía que conviña que se cumprise todo o que está escrito na Lei de Moisés, nos Profetas e máis nos Salmos acerca de min.

E abriu os seus entendementos para que comprendesen as Escrituras. E engadiu:

- Así está escrito: o Mesías padecerá e resucitará de entre os mortos no terceiro día, e predicarase no seu nome a conversión e mailo perdón dos pecados a todos os pobos, empezando por Xerusalén. Vós sereis testemuñas de todo isto.

Palabra do Señor

(**sentad@s**) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Nestas semanas estamos convidados a afondar nos grandes signos da fe pascual. Cada semana imos ter ocasión de deixarnos encher da vida na:



1 Pascua de lume e calor

2 Pascua de lume e luz

3 Pascua de Palabra crible

4 Pascua de auga viva

5 Pascua de Pan

6 Pascua de Comunidade

7 Pascua que nos enche do Espírito do Resucitado

No taboleiro da PASCUA

Celebrante

Hoxe o signo é PASCUA NA LUZ, no dar exemplo, no acompañar co noso alumear a quen sinta escuridades e medos na vida.

Como proposta deste momento intentaremos traer da memoria a persoas que nalgún momento escuro da nosa vida sentimos que estaban á nosa beira.

Tamén podemos recordar a algunhas persoas que para nós teñen sido un bo exemplo (poden ser parentes, amigos ou veciños cercanos a nós e poden ser persoas das que nalgún momento escoitamos falar delas por exemplo Teresa de Calcuta, Gandi, Gándara, Nelson Mandela,...

Contemos cousas que nos lembren como nese momento, estando perdidos e abatidos, como os Apóstolos, fomos capaces de atopar un novo camiño ilusionante que fixo que saíramos adiante.

Monitor/a

(o monitor lee os textos que está no taboleiro que poñemos a seguir, deixando un pequeno silencio entre un e outro, e se alguén quere pode facer algún engadido)

PASCUA NA LUZ

Responsabilidade de ser luz e facho para os demais

"Eu son a luz do mundo" Xn 8, 12



Onde hai luz hai amor.



O noso exemplo debe alumear a aqueles que se atopan débiles e necesitan un alento para chegar a ver Luz.

Vivir iluminados pola luz de Xesús é vivir nunha loita continua e constante contra as inxustizas.



Achegarse á luz é achegarse a Xesús. Xa pode estar todo escuro, en tebras, que se Xesús está preto, a súa luz inúndanos.



(en pé) **PROCLAMAMOS A NOSA FE**

Celebrante Neste tempo da Pascua, deixándonos alumiar pola luz da fe que recibimos no bautismo, antes de proclamar o credo renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal.

○ **Estades dispostos** a loitar contra o mal que nos fai infelices e nos pecha no egoísmo?

Si, estamos dispostos

○ **Estades dispostos** a loitar contra o que nos aparta de Deus e fíre aos irmáns e á terra?

Si, estamos dispostos

○ **Estades dispostos** a loitar para que no corazón non aniñe a cobiza, a insolidariedade e a envexa?

Si, estamos dispostos

Celebrante Deixándonos quecer á beira do lume da fe, renovamos agora o noso credo: o da esperanza, o do amor, o da vida en Cristo Resucitado.

Monitor/a

Credes en Deus, Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima e nos dá folgos co seu corazón cheo de vida e tenrura para todos?

SI, CREEMOS

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido, sempre disposto a facer ben, acollendo e dando unha man para COIDAR e mellorar a vida de cada muller e cada home?

SI, CREEMOS

Credes no Espírito de Deus, que nos alenta esperanza para soñar con outro mundo mellor COIDADADO e que nos alenta forza para estar á beira de quen se sente inxustamente tratado?

SI, CREEMOS

Credes na Igrexa, unha Igrexa que se fai crible en cada fogar, dando unha man para facer do mundo e da natureza casa común na que todos os homes e mulleres merecen dignidade e respecto?

SI, CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Movidos por esta fe pascual que compartimos acudimos a ti, Pai de misericordia, agradecendo a LUZ de Xesús na nosa vida, e facémolo dicindo: Señor da vida, escoita a nosa oración*

Monitor/a

- ✓ Señor, iniciamos a nosa pregaría pedindo pola Igrexa, espallada polo mundo e presente en nós, que non teñamos medo a ser e a dar exemplo, oremos
- ✓ Señor, rezamos polas persoas que se angustian nos atrancos da vida, sae con nós ao seu encontro para que te descubran coma luz e forza dos febles, oremos
- ✓ Polas persoas afectadas polo virus, para que poidan albiscar LUZ ao final do camiño, oremos

- ✓ Señor, rezamos polos homes e mulleres que son un bo exemplo coas súas palabras, cos seus sentimentos, cos seus feitos. Queremos que o sigan facendo á nosa beira ensinándonos que tamén nós podemos facelo, oremos
- ✓ Polos voluntarios e profesionais que tanto fan nestes días, para que sigan facendo camiño amosando esperanza e LUZ aos que teñen á súa beira, oremos

Celebrante: *Grazas Señor porque hoxe, coma sempre, estás á nosa beira escoitándonos e dándonos a túa LUZ. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS EN FAMILIA

NOSO PAI

Celebrante: *Coma Xesús queremos pousar as nosas vidas nas mans do Pai; pedimos hoxe que sexamos testemuñas da súa LUZ de amor sendo coherentes e responsables facendo o seu Reino. Rezamos: NOSO PAI*

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *PAZ CONVOSCO é o saúdo do Resucitado. Hoxe o signo da paz neste momento quere mostrar que todos nós formamos unha soa comunidade unida nos sentimentos que nos transmite a fe. Aínda que non poidamos mostralo cun bico ou unha aperta, por responsabilidade, que o noso corazón transmita esa paz e esa Luz que nos desexamos para nós e para os veciños.*

NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUNIÓN

Celebrante: Os Apóstolos proclamaban a Resurrección de Xesús sen medo despois de participar con El na mesa, como escoitabamos no Evanxeo. “Tedes algo de comer”. Participar na fe é comprometerse en mostrar coa vida ao Resucitado e a súa LUZ. Ditosos nós convidados a esta festa da Pascua do Señor.

🎵 **No colo da miña nai**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Pai santo, estamos compartindo o camiño do teu fillo Xesús. El quere ser compañeiro de viaxe, e quérenos dando razón da nosa esperanza a todos os que nos atopemos no camiño da vida, xa sexa nos días escuros ou nos cheos de LUZ. Axúdanos Ti, por Cristo noso Señor. Amén

Pola RESURRECCIÓN de Cristo Deus salvounos e concedeunos o don de sermos fillos seus. Que El nos alegre coa súa bendición.

Mediante Cristo Deus fíxonos partícipes da súa VIDA. Que El nos conceda tamén termos parte na vida eterna.

Pola fe do bautismo resucitamos con Cristo. Que polo camiño dunha vida crible nos feitos merezamos chegar ao REINO do ceo.

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.






**Bendito ti, Xesús resucitado
coas feridas da lanza e mais os cravos.
Bendito para sempre ti es loado,
bendito ti, Xesús resucitado.**

- 1.- Bendito no aire fresco da mañá
e no cantar do paxaro ao espertar.
Bendito na auga fresca e rebuldeira
que dá vida aos prados e ás leiras.
- 2.- Bendito sexas na terra que agradece
o duro traballar coa súa anada,
bendito na esperanza que se esforza
por chegar a outra terra mellorada.

*(Esta cantiga é a número 84
do cancionero de Os Cotos)*

ALELUIA !! “CRISTO ESTÁ RESUCITADO”

UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS



FELICES FESTAS DA PASCUA